

**PROXECTO GRUPO DE TRABALLO
(GT)**

2015 - 2016

***Xeneralización da Aprendizaxe
Cooperativa
no IES *Salvaterra de Miño****

Centro sede: IES *Salvaterra de Miño*

Coordinadora: Ana Bolibar Chinchilla

Compoñentes: Andrés E. Cabana González, Mary Cleary, Iago Castro Buerger, Ana González Cabaleiro, Belén Ojea González, Demetrio Prego Martínez, M^a Teresa Rey Cruces, Sonia Telle Rodríguez, Ana Bolibar Chinchilla

Asesora CFR: Ana M^a Mariño Álvarez



Index:

A. Proxecto

A.1. Título do proxecto

A.2. Xustificación

A.3. Obxectivos

A.4. Contidos

A.5. Programa de actividades

A.6. Metodoloxía

A.7. Organización de recursos humanos e materiais

A.8. Temporalización

A.9. Proceso e criterios para a avaliación do proxecto

A.10. Materiais a elaborar e compromiso de entrega

A.11. Indicación expresa de non ter solicitada nin recibida ningunha achega económica para este grupo de traballo

B. Temática

C. Orzamento

A. Proxecto

A.1. Título do proxecto:

“Xeneralización da Aprendizaxe Cooperativa no IES Salvaterra de Miño”

A.2. Xustificación:

Durante o curso 2014-15, e dentro do PFPP (2013-15), levouse a cabo no noso IES a etapa de *Introdución á Aprendizaxe Cooperativa*, por iniciativa dun reducido número de profesorado interesado nesta metodoloxía.

Neste curso 15-16 continuamos as mesmas profesoras e profesores do ano pasado e se suman algunhas máis, contaxiadas da satisfacción desprendida nas sesións de información ao claustro e CCP por parte do profesorado participante.

Etapas	Profesorado participante	Membros do equipo directivo	Claustro do IES Salvaterra
2014-15 (Introdución)	5 (11,4 %)	2	46
2015-16 (Xeneralización)	9 (19,6 %) [5 (2014-15) + 4]	2	

Non se trata dunha porcentaxe elevada aínda pero é de resaltar que participe neste grupo o 50% do equipo directivo o cal é importante á hora de conquistar que esta metodoloxía alcance o rango de proxecto de centro.

As características do noso alumnado nos permiten afirmar que a *Aprendizaxe Cooperativa* pode fortalecer puntos febles do mesmo, tales como o **exceso de individualismo**, derivado da actual tendencia social e da dispersión xeográfica propia dun concello eminentemente rural, ou o **rexeitamento maioritario á participación activa na aula**. Do mesmo modo, pode aproveitar as fortalezas dun alumnado **altamente solidario e sensible á diferenza**.

Por outra banda, a *Aprendizaxe Cooperativa* se relaciona co outro campo de traballo que se abordará este ano no noso IES: a convivencia e as competencias Sociais e Cívicas, atopándonos neste momento na fase de creación dun equipo de mediación escolar, para o cal estamos

empezando o proceso de formación do alumnado. O obxectivo deste ano é formar o grupo de mediador@s de aula, tarefa toda ela que require unha alta dose de traballo cooperativo por parte do alumnado e o profesorado.

Como conclusión podemos decir que despois de facer a etapa de *Introdución* durante o curso pasado concluímos que a *Aprendizaxe Cooperativa*

- Permite o desenvolvemento de estratexias de **atención á diversidade** para poder atender na mesma aula a alumnos e alumnas diferentes.
- É un instrumento para lograr a **inclusión** e a **cohesión social**.
- Facilita o desenvolvemento de competencias claves, fundamentalmente da **competencia en comunicación lingüística** (expresar, argumentar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos; escoitar as ideas alleas; aceptar e realizar críticas construtivas, colocarse no lugar da outra persoa de forma empática; respectar opinións diferentes ás propias con sensibilidade e espírito crítico); das **competencias sociais e cívicas** (practicar o diálogo e a negociación para resolver conflitos, traballar en equipo para resolver xuntos problemas comúns) e a **competencia de aprender a aprender** (o traballo cooperativo como contido a aprender)
- Favorece a autonomía do alumnado.

Polo tanto será preciso formarse e poñer en práctica de xeito sistemático a estruturación cooperativa da aula para que non quede en algo transitorio e puntual, senón que implique cambios estruturais e metodolóxicos máis profundos, logrando que, a Aprendizaxe Cooperativa, se integre na concreción curricular do centro e nos procesos de avaliación das competencias clave.



A.3. Obxectivos:

- **Comúns para todo o profesorado participante:**

1. Planificar a secuenciación e a temporalización da aplicación da aprendizaxe cooperativa nas aulas, adecuándoa a realidade do centro.
2. Profundizar no coñecemento, obxectivo e práctico, sobre o programa CA/AC.
3. Practicar de xeito sistemático, estratexias de estruturación cooperativa da aprendizaxe.
4. Artellar estratexias para incorporar a estruturación cooperativa da aprendizaxe nas aulas ó Proxecto de Centro e no proceso de avaliación das competencias clave.

- **Para o profesorado que xa realizou a etapa de introducción:**

1. Asesorar e apoiar ao profesorado que se incorpora este ano ao proxecto na organización cooperativa da actividade na aula.

- **Para o profesorado que se incorpora:**

1. Adquirir un coñecemento básico e práctico sobre a aprendizaxe cooperativa.
2. Coñecer as posibilidades de organización cooperativa da actividade do alumnado para posibilitar que aprendan xuntos, nas aulas ordinarias, todos os escolares, con necesidades educativas diversas.
3. Desenvolver na aula estratexias de estruturación cooperativa da aprendizaxe.

A.4. Contidos:

- Para o profesorado que xa realizou a etapa de introdución

1. Planificación da secuencia (espazos e temporalización) das dinámicas e estruturas cooperativas que se realizarán.
2. Estructuras básicas e específicas para cada un dos Ámbitos (A,B,C). Análise das mesmas.
3. Elaboración e posta en práctica das Actividades Integradas de aprendizaxe (tarefas) que inclúan unha secuencia de estruturas cooperativas.
4. A formación dos equipos. Plan de Equipo e caderno do equipo.
5. A avaliación da Aprendizaxe Cooperativa. Rúbricas.
6. Carpeta de Aula: Estructura e elaboración.
7. Estratexias para a incorporación dos aprendizaxe cooperativa na concreción curricular e na avaliación das competencias.
8. Estratexias de apoio os compañeiros e compañeiras que se incorporan ao proxecto.

- Para o profesorado que se incorpora

1. Principios e fundamentos da Aprendizaxe Cooperativa.
2. O programa CA/AC : Conceptos básicos. Ideas fundamentais.
3. Ámbitos de intervención (Ámbito A: Cohesión de grupo; Ámbito B: traballo en equipo como recurso; Ámbito C: traballo en equipo como contido)
4. A formación dos equipos.
5. Estratexias e instrumentos para traballar cada un dos ámbitos. Análise dos mesmos.
6. Dinámicas para traballar o Ámbito A “Cohesión de grupo”.
7. Estructuras simples para traballar o Ámbito B “Traballo en equipo como recurso para ensinar”
8. Elaboración e implementación dunha actividade integrada de aprendizaxe incluíndo unha secuencia de estruturas cooperativas
9. Plan de equipo, recurso para traballar o Ámbito C “traballo en equipo como recurso a ensinar”.

A.5. Programa de actividades:

- Docencia por parte do relator externo especialista na Aprendizaxe Cooperativa (Programa CA/AC)
- Traballo en grupo: información e presentación do Programa ó profesorado que se incorpora este curso ó proxecto.
- Traballo en grupo: Planificación de espazos e tempos para a implementación do proxecto da Aprendizaxe Cooperativa nos tres Ámbitos: Plan de xeneralización trimestral.
- Traballo en pequeno grupo : Analizar a cohesión grupal en cada grupo-clase e as propostas das dinámicas que se van a aplicar.
- Traballo individual: Analiza a cohesión do grupo-clase, cada docente le a documentación aportada sobre o Ámbito A e implementa as dinámicas acordadas.
- Traballo individual: Recoller a descrición dunha dinámica na Carpeta de Aula.
- Traballo en grupo (ou pequeno grupo/ ciclo /Departamento: Posta en común, intercambio de experiencias.
Análise e valoración da contribución das Dinámicas aplicadas á cohesión do grupo ou a outras funcións. Propostas de mellora para o seguinte trimestre.
- Traballo en pequeno grupo: diseño das Actividades Integradas de Aprendizaxe (tarefas/proxectos) que se van a implementar. Estructuras que se van aplicar (espazos e tempos).
- Traballo en pequeno grupo: Formación de equipos. Coordinación co profesorado do mesmo grupo.
- Traballo en pequeno grupo: Diseñar as Rúbricas.
- Traballo en gran grupo: Análise e valoración das estratexias empregadas no “acompañamento” ó profesorado que introduciu o proxecto. Reflexión sobre os aspectos positivos e sobre as dificultades atopadas e como se resolveron. Conclusións e recollida das mesmas para os documentos do centro.
- Traballo en gran grupo: Análise e valoración das actuacións realizadas nos tres Ámbitos (Plan de xeneralización trimestral) en cada grupo-clase. Propostas de mellora.
- Sesión de posta en común das persoas coordinadoras no CFR de Vigo para facer o seguimento do Plan de Xeneralización trimestral.

- Utilización da Aula Virtual do CFR de Vigo para subir os materiais e utilizar o Foro de novas e o Foro de debate.

Esta secuencia de actividades repetirase en cada trimestre.

- Tráballo en gran grupo: Análise e valoración do proceso desenvolvido. Determinar os contidos de mellora que se abordarán no próximo curso.

A.6. Metodoloxía:

As actividades do GT realizaranse seguindo, de forma interrelacionada e cíclica, as secuencias de: formación ↔ reflexión, análise e elaboración de propostas ↔ aplicación na aula, avaliación e propostas de mellora ↔ formación.

Faranse distintas modalidades de agrupamento: gran grupo, para as sesións de docencia, reflexión e análise, avaliación e propostas de mellora; pequeno grupo para análise da documentación, organización, planificación e deseño das intervencións de cada un dos Ámbitos. Despois de cada actividade cada docente fará unha reflexión individual sobre a aplicación na aula (previa a posta en común) que recollerá nun autoinforme.

O profesorado porá en práctica a estruturación cooperativa da aula, coordinándose entre sí para organizar as intervencións de cada un dos Ámbitos (A, B e C). Procurarase que as estruturas e técnicas de aprendizaxe cooperativa se integren na realización de tarefas e/ou proxectos.

A.7. Organización de recursos humanos e materiais:

- Recursos humanos:

Os recursos humanos cos que contamos son:

- Compoñentes do GT: 19,6% do claustro, 50% do equipo directivo (Director e xefa de estudos), non participa nen o orientador do centro nen a profesora de Pedagogía Terapéutica
- Persoa relatora -externa experta na temática a traballar.
- Asesora do CFR.
- Alumnado co que estamos a traballar.

- Recursos materiais:

- Bibliografía.
- Aula Virtual do CFR de Vigo: Foro de debate e Foro de novas.
- Aula Virtual do IES Salvaterra cun curso creado xa o ano pasado (dentro da categoría PFPP, aberto a convidados sen chave)
- Videoconferencia.
- Ordenadores e impresoras.
- Material funxible que se poida mercar co orzamento solicitado.
- Espazos do centro que faciliten o traballo en equipo e a flexibilidade de agrupamentos: aula 27 con 15 postos de ordenador e pizarra dixital.



A.8. Temporalización:

- Número total de horas para o desenvolvemento deste Proxecto: 50 h.
- Horas de docencia: 10 horas
- Horas de traballo individual: 15 horas (GT)
- O resto de sesións serán en gran grupo ou pequeno grupo segundo as actividades a realizar en cada momento.
- Calendario das sesións de traballo

Mes	Días	Nº de horas	Horario
Novembro	22, 28	6	16:00 a 19:00
Decembro	1, 5, 15	9	16:00 a 19:00
Xaneiro	12, 18, 26	9	16:00 a 19:00
Febreiro	6, 15, 27	9	16:00 a 19:00
Marzo	5, 19	6	16:00 a 19:00
Abril	12, 23	6	16:00 a 19:00
Maio	3, 10	5	16:00 a 18:00
		Total: 50 horas	

NOTA: A temporalización poderá ser modificada (sempre previo acordo coa asesora) para adaptala á dispoñibilidade horaria do relator externo, así como á dispoñibilidade da asesora.

A.9. Proceso e criterios para a avaliación do proxecto:

A avaliación será continuada a través das actas das sesións de traballo e da posta en común, onde se reflectirán as actividades que se están a realizar, as estratexias que se están a seguir, os materiais e ferramentas empregadas para a avaliación do proxecto e os resultados obtidos para reconducir o traballo cando sexa preciso.

Tamén se avaliará a utilidade dos contidos didácticos desenvolvidos mediante a súa aplicación experimental na aula. Os aspectos a avaliar serán os seguintes:

Característica	Indicador	Criterio aceptación	Temporalización
Práctica sistemática de extratexias e estruturación cooperativa da aula.	Plans de Xeneralización nos que se recollen as actividades de aprendizaxe cooperativa realizadas.	Un plan de xeneralización por trimestre para cada grupo-clase no que se realice Aprendizaxe Cooperativa	Ao final de cada trimestre
	Plans de Equipo: cargos, obxectivos, compromisos, seguimento e avaliación.	Cadernos dos equipos de cada un dos grupo-clase nos que se realiza Aprendizaxe Cooperativa	Ao final do curso.
	Plans de Xeneralización nos que se recollen as actividades de aprendizaxe cooperativa realizadas.	Un plan de xeneralización por trimestre para cada grupo-clase no que se realice Aprendizaxe Cooperativa	Ao final de cada trimestre
Grao de estruturación cooperativa da aula	Descrición das dinámicas e estruturas de aprendizaxe cooperativa e traballos do alumnado.	Unha Carpeta de Aula (para cada un dos grupos-clase nos que se implementa a Aprendizaxe Cooperativa), na que se recolla a descrición das actividades, o control dos equipos e as mostras de traballos do alumnado.	Ao final do curso
Apoio ao profesorado que se inicia na implementación da Aprendizaxe Cooperativa	O propio Plan	O Plan de Apoio no que se recolla a modalidade de apoio para cada ámbito, as persoas encargadas, as actividades a realizar e a temporalización.	Ao final do curso



<p>Evolución percibida no proceso de aprendizaxe do alumnado</p>	<p>Incremento da motivación. Mellora da autonomía na realización das tarefas.</p>	<p>Evidencias cualitativas a través de: -descrición de actividades realizadas. -Informe do grupo de traballo despois da posta en común.</p>	<p>Ao final do curso</p>
<p>Comunicar ao resto do claustro o proceso de introdución da Aprendizaxe Cooperativa desenvolvido.</p>	<p>Presentación powerpoint ou similar, recollendo as actividades realizadas na fase de xeneralización e a valoración dos participantes.</p>	<p>Incluir a comunicación na orde do día do último Claustro do curso</p>	<p>Ao final do curso</p>

Ademais, farase unha memoria final ao rematar o traballo na que se avaliará se os resultados obtidos se adecúan aos obxectivos iniciais.

Por outro lado, e como avaliación externa, contaremos co seguimento e asesoramento e coas propostas da persoa asesora desta actividade formativa.

A.10. Materiais a elaborar e compromiso de entrega

- Unha Carpeta de Aula (para cada un dos grupos-clase nos que se implementa a Aprendizaxe Cooperativa). Nela se recollerá:
 - O plan de xeneralización de cada trimestre,
 - A descrición das dinámicas, estruturas e tarefas (con mostras do traballo do alumnado)
 - O control dos equipos.
- Cadernos dos equipos de cada un dos grupo-clase nos que se realiza Aprendizaxe Cooperativa
- O Plan de Apoio desenvolvido entre o profesorado do centro.
- Na memoria final inclúiranse evidencias (imaxes, traballos do alumnado, etc) da posta en práctica na aula.
- Existe o compromiso de difundir as innovacións realizadas entre o resto do profesorado do claustro que non participa no proxecto de formación.



A.11. Indicación expresa de non ter solicitada nin recibida ningunha achega económica para este grupo de traballo:

Ana Bolibar Chinchilla con DNI 36056588V como coordinador/a do GT *Xeneralización da Aprendizaxe Cooperativa no IES Salvaterra de Miño* declara que non ten recibido nin ten solicitado ningunha achega económica para a realización do devandito GT.

En Salvaterra de Miño, a 18 de outubro de 2015

A coordinadora:

Asdo. Ana Bolibar Chinchilla

IES Salvaterra de Miño

B. Temática

Este Grupo de traballo responde en varios aspectos ó traballo sobre as seguintes temáticas de formación indicadas na súa convocatoria do plan Anual de Formación 2015-16:

- Atención á diversidade
- Desenvolvemento de competencias do alumnado
- Competencia profesional docente
- Melloras metodolóxicas e cooperación ente todos os membros da comunidade educativa.

C. Orzamento

Docencia - externa	2 h. x 50 € = 100 €
Bibliografía e Material funxible.....	100 €
Desprazamentos.....	150 €
	Total: 350 €